



Ana Patricia Torres Madureira, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Popular na Deputación de Ourense, con base ao previsto nos artigos 91 e 97 do ROF, e de acordo á Lei de Base Reguladora do Réxime Local e o Regulamento da Corporación, presenta a seguinte **MOCIÓN PARA RECLAMAR AO GOBERNO DE ESPAÑA DEDUCIÓNS FISCAIS ESPECIAIS PARA AS PERSOAS RESIDENTES EN MUNICIPIOS DE MENOS DE 5.000 HABITANTES**, para o seu debate no pleno da corporación, tendo en conta a seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A provincia de Ourense, como boa parte do interior de Galicia, sofre un preocupante proceso de despoboamento, envellecemento demográfico e perda progresiva de servizos. Esta realidade ten un impacto directo sobre a calidade de vida da cidadanía, especialmente nos concellos de menor tamaño, e supón unha ameaza para a cohesión territorial, a economía local e a sustentabilidade dos servizos públicos.

En Ourense, máis do 80 % dos concellos teñen menos de 5.000 habitantes. Moitos deles presentan unha elevada dispersión poboacional, dificultades de acceso a servizos básicos (sanidade, transporte, educación) e unha clara desvantaxe competitiva fronte aos núcleos urbanos.

Segundo datos recentes:

- A provincia de Ourense perdeu máis de 136.000 habitantes desde 1971.
- A idade media da poboación é de 51,3 anos, a máis alta de Galicia.



- Só o 15,4 % da poboación ten menos de 20 anos, fronte a un 26 % que supera os 65 anos.
- Galicia tivo en 2024 o peor saldo vexetativo do Estado, con 19.333 falecementos máis ca nacementos e unha proporción de 224 maiores por cada 100 menores de 16 anos.

Mentres tanto, outras provincias do Estado que presentan características demográficas similares —como Soria, Teruel ou Cuenca— foron recoñecidas como zonas escasamente poboadas e as persoas residentes en ditos territorios xa poden beneficiarse, desde 2022, dunha dedución de ata o 20 % no IRPF, segundo os Orzamentos Xerais do Estado e a normativa fiscal vixente.

Esta medida representa unha ferramenta fiscal concreta, útil e eficaz para incentivar a fixación de poboación, fomentar o retorno rural, e compensar os custos adicionais de vivir no rural, como o transporte, a enerxía ou a menor dispoñibilidade de servizos.

A provincia de Ourense cumpre sobradamente cos criterios obxectivos establecidos pola Comisión Europea e polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico para ser considerada “zona escasamente poboadada”. Porén, segue excluída das medidas fiscais diferenciadas, o que constitúe unha clara discriminación e un agravio comparativo fronte a outras provincias.



En virtude de todo o exposto, o Grupo Provincial Popular propón ao pleno os seguintes

ACORDOS

1. Instar ao Goberno de España a modificar a Lei do IRPF e os Orzamentos Xerais do Estado para incorporar deducións fiscais de ata o 20 % para as persoas con residencia habitual en concellos de menos de 5.000 habitantes da provincia de Ourense.

2. Solicitar a inclusión oficial da provincia de Ourense no mapa de “zonas escasamente poboadas”, segundo os criterios da Comisión Europea e do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

3. Reclamar que estas deducións fiscais se estendan a todos os concellos galegos que cumpran os criterios de dispersión e despoboamento, garantindo a igualdade de trato territorial.

4. Trasladar este acordo ao Ministerio de Facenda, ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, aos grupos parlamentarios no Congreso e no Senado, á Xunta de Galicia e á FEGAMP.

Ourense, 10 de xullo de 2025.

Asdo. Ana Patricia Torres Madureira.

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE